

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 2 de agosto de 2017 pola que se conceden axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais de alumnos e das asociacións de nais e pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2017.

Mediante a Orde do 3 de abril de 2017 (DOG do 19 de abril), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais de alumnos e das asociacións de nais e pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2017.

Reunida a comisión prevista no artigo 11 da citada orde, de acordo coa proposta formulada por ela e de conformidade co artigo 12 da orde de referencia,

RESOLVO:

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás confederacións, federacións de nais e pais de alumnos e ás asociacións de nais e pais de alumnos de centros de educación especial relacionadas no anexo I e excluír as relacionadas no anexo II a esta orde.

Segundo. Para facer efectivo o pagamento das axudas, os beneficiarios presentarán na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Subdirección Xeral de Centros, Servizo de Xestión de Programas Educativos, antes do día 31 de outubro de 2017 a seguinte documentación:

a) A xustificación dos gastos realizados, mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas, nóminas e outros documentos e a acreditación do seu pagamento. Non se admiten recibos como xustificación dos gastos.

b) Unha declaración actualizada do anexo II publicado na Orde do 3 de abril de 2017 (DOG do 19 de abril), pola que se convocan as axudas para o ano 2017.

Terceiro. Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Adminis-



trativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 10.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, contra esta orde poderase recorrer potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

CIF	Confederación/Federación/ANPA CEE	Concello	Importe (€)
G15115165	Confapa (Confed. Galega APAS centros públ.)	A Coruña	8.950,30
G15098114	Congapa (Confederación Galega de APAS)	A Coruña	8.008,80
G70416557	Confederación Anpas galegas	Santiago de Compostela	9.012,30
G15042617	Federación provincial APAS centros públicos	A Coruña	5.668,73
G15089857	Fapa Federación provincial de ANPAS privados	A Coruña	1.697,73
G70366588	Federación centros públicos A Costa da Morte	Carballo	2.058,73
G27019140	Fapacel Federación provincial APAS centros públicos	Lugo	2.647,73
G27043389	Fapalugo Federación provincial APAS	Lugo	1.545,73
G32009037	Federación provincial APAS centros públicos As Burgas	Ourense	3.179,73
G36020311	Federación provincial ANPAS centros públicos	Pontevedra	4.490,73
G15543242	Fapa Federación comarcal Concepción Arenal	Ferrol	1.398,93
G70222195	Federación centros públicos Compostela	Santiago de Compostela	1.740,93
G15062839	Fecapa Federación Central de APAS	Santiago de Compostela	1.911,93
G36581841	Fesanpas Federación Estradense	A Estrada	1.227,93
V36358497	Federación ANPAS O Con	Sanxenxo	1.227,93
G36743946	Foanpas Federación ANPAS Olívica	Vigo	2.367,93
G36959658	Surgapa Federación ANPAS do Suroeste	Vigo	1.379,93
G15984990	APA CEE Ntra. Sra. del Rosario	A Coruña	1.010,00



CIF	Confederación/Federación/ANPA CEE	Concello	Importe (€)
G15412026	APA CEE Terra de Ferrol	Ferrol	1.010,00
G15747678	ANPA CEE Amicos	Ribeira	1.010,00
G15456908	ANPA A Barcia	Santiago de Compostela	1.010,00
G27159425	ANPA CEE Santa María	Lugo	1.010,00
G 32202798	ANPA CEE O Pino	Ourense	1.010,00
G32411084	ANPA CEE Ilustre Mestre	Ourense	1.010,00
V36130169	ANPA CEE Joaquina Otero	A Guarda	1.010,00
G36753895	APA La Ilusión del Valle Miñor CEE Juan María	Nigrán	1.010,00
G36152262	Aceesca APA CEE Santísimo Cristo del Amor	O Porriño	1.010,00
G36180768	APA CEE Juan XIII	Pontevedra	1.010,00
G36812063	APA CEE Saladino Cortizo	Vigo	1.010,00
G36682102	APA CEE San Rafael	Vigo	1.010,00
G36131027	APA CEE Dr. Fleming	Vilagarcía de Arousa	1.010,00
G36024941	APA CEE Os Mecos	Vilanova de Arousa	1.010,00

ANEXO II

Confederación/Federación/ANPA	Concello	Causas da desestimación
ANPA Mosteiro de Caaveiro	A Capela	Non é unha ANPA dun CEE
Federación de ANPAS Arco da Vella	Moaña	Non está rexistrada nesta consellería

